



Días de radio

VÍCTOR F. FREIXANES

O 15 de xaneiro de 1933 iniciaba as súas actividades en Compostela a emisora Unión Radio Galicia. Cumpríronse 75 anos daquel acontecemento que inaugura, sen dúbida, un novo tempo, non por próximo menos trascendente. Igual que a imprenta de Gutenberg, que entra en Galicia en 1485 (Monterrei) falando latín, as novas tecnoloxías da comunicación, representadas pola radio nos anos 30, inauguran os parámetros dunha nova modernidade. Cos problemas que para a lingua e a cultura galega isto comporta. Cos problemas e mais coas oportunidades.

Non é a primeira vez que citamos a Neil Postman (1931-2003), ensaísta e sociólogo estadounidense, discípulo de Marshall McLuhan. Hai unha afirmación súa que nos parece importante para ilustrar o caso: “Cada tempo histórico está obrigado a reconecer e pactar coa súa tecnoloxía, e a cultura que non establece este pacto está condenada a desaparecer” (Technopoly, 1993).

A aparición da imprenta de tipos móbiles inaugurou a finais do século XV en Europa un período que nos manuais denominamos Humanismo ou Renacemento e que significou o tránsito dunha idade a outra: das formas da Idade Media aos modelos da Idade Moderna, animado por aquel invento que transformaba o mundo, a información e o coñecemento. Xa nada volveu ser igual ca antes, nin podía selo. As culturas, os pobos que entraron axeitadamente naquel proceso, incorporáronse á historia, non ficaron fóra, non desapareceron (na expresión de Postman). As linguas que se configuran como linguas modernas nese tempo, e que entran despois nos cambios históricos da Ilustración, son as linguas do libro.

O primeiro libro impreso en lingua galega é de 1813, se consideramos *As proezas de Galicia* de Fernández de Neira, ou de 1856, se consideramos *A gaita gallega* de Xoán Manuel Pintos. En calquera caso, case catrocentos anos despois das primeiras impresións de Monterrei, Ourense ou Mondoñedo. Tal é a nosa realidade (anormalidade) histórica. As nosas primeiras gramáticas son da segunda metade do século XIX, contra a gramática castelá de Nebrija (1492), por exemplo, ou a portuguesa de Fernão d’Oliveira (1536), por citar dous textos representativos da conformación oficial dese

◀ Eduardo Blanco Amor posa a finais dos anos 20, en Buenos Aires, ao carón da nova tecnoloxía da comunicación: a radio

idiomas, que entran con pé rexo (e con poder) no seu correspondente momento histórico.

A radio (e posteriormente a TV), xa no século XX, son o seguinte gran salto tecnolóxico na comunicación e na transmisión dos coñecementos. Tamén dos usos, dos modelos, dos hábitos sociais e dos prexuízos. En termos de comunicación, a revolución tecnolóxica do audiovisual é o segundo gran paso histórico das culturas occidentais, das que formamos parte.

A radio comenza a desenvolverse como fenómeno de masas, apoiado en estruturas de carácter empresarial (e comercial), á par que en estratexias políticas de gran calado, nas primeiras décadas do século XX. En Galicia aparece en 1933 (Unión Radio Galicia). Conmemoramos, pois, 75 anos de radiodifusión galega. Eis a cuestión central do presente número de GRIAL.

Non o esgotamos. Igual ca noutras ocasións e con outros temas monográficos, incluímos neste número traballos de aproximación, documentación e reflexión sobre ese acontecemento histórico: a aparición das primeiras emisións e empresas radiofónicas entre nós que, curiosamente (tamén significativamente), xorden nun tempo especialmente esperanzado para a nosa realidade histórica: a Segunda República Española, moi concretamente no proceso de toma de consciencia social, cultural e política (de identidade) que se concretaba no plebiscito do Estatuto de Autonomía de xuño de 1936.

Non parece casual que a primeira radio galega apareza vencellada a ese proceso de afirmación social, de madurez política. Arturo Maneiro relata no seu ensaio a creación de Unión Radio Galicia, vencellada á Asamblea de Municipios que se reúne en Santiago de Compostela en decembro de 1932. Un dos primeiros produtos da radiodifusión galega foi precisamente a emisión das conclusións da devandita asamblea cara ás comunidades galegas de América, primeiro pulo do que logo sería a primeira emisora de radio de Galicia, que comeza a emitir nos primeiros días do ano seguinte, e que segue en activo (Radio Galicia, SER).

A guerra civil tronzou moitas cousas, como se pode observar nas páxinas seguintes. Xosé Soengas fai unha crónica do que foi a radio durante o pasado século ata os nosos días, atravesando circunstancias políticas ben distintas, dende o alborear republicano á realidade actual, pasando polos difíciles corenta anos da ditadura franquista. Mónica Reboló lémbra-nos que xa en 1832, antes de que empezase a emitir Unión Radio Galicia, o país empezara a expresarse a través da nova tecnoloxía, fundamentalmente na Arxentina, daquela o gran foco de emigración galega, o máis activo e economicamente mellor dotado. Nós mesmos recolleemos noutro traballo a presenza que o idioma galego tiña naquelas primeiras emisións no país, non só na radio de Compostela, mais tamén nas programacións doutras emisoras que entón agroman: Radio Pontevedra, Radio Coruña, Radio Vigo, Radio Lugo e Radio Ourense.

Para outros números de GRIAL deixamos outras achegas ao fenómeno radiofónico: a radio no exilio, por exemplo; a radio durante a posguerra, a radio de consumo e control político, a radio da resistencia, ademais das novas formas que empezan a rexurdir a partir de 1976 e 1980, xa no marco das liberdades democráticas e da autonomía política. Tamén a radio dixital, que inaugura outra nova xeira. A importancia da radiodifusión (e da televisión despois) só é



comparable á actual realidade da globalización e das novas tecnoloxías da comunicación (Internet). Abordaremos estes novos territorios en próximos números da nosa revista.

Volvendo a Postman: a tecnoloxía impón os seus desafíos, os seus riscos, os seus condicionantes e, por suposto, as súas oportunidades. Unha cultura que non é quen de estar no seu tempo, e de expresarse coas formas propias do seu momento histórico, é unha cultura morta. Afortunadamente non é o noso caso.

Dúas notas para rematar esta carta: unha despedida e unha celebración.

No pasado mes de outubro despedimos a Constantino García (Oviedo, 1927-Santiago, 2008), figura sobranceira dos estudos da filoloxía moderna en Galicia, fundador do Instituto da Lingua Galega (ILG) en 1971, entre outras valiosas iniciativas. Pouco despois, agasallábamnos con todo o noso cariño a Antón Santamarina, que continuou durante anos o seu traballo nesta institución, que hoxe dirixe Rosario Álvarez Blanco, ambos os dous (Rosario e Antón) discípulos de Constantino.

A creación do ILG foi un dos feitos capitais para a modernización científica dos estudos filolóxicos da idioma galego, obradoiro onde se formou a gran lección de profesores, estudosos, investigadores e animadores da lingua con proxección internacional. Na reconstrución da identidade cultural dos últimos 40 anos, tres foron os ámbitos de coñecemento de especial proveito: a Historia, a Economía e a Filoloxía. Outras oportunidades haberá para volver sobre estas cuestións. Constantino García, cos seus coñecementos, coa súa xenerosidade, co seu entusiasmo, forma parte desa angueira, da que nos sentimos orgullosos e beneficiarios ■



Constantino García, fundador do Instituto da Lingua Galega

